

Disposición transitoria única. *Vixencia dos permisos de condución expedidos de conformidade co modelo do anexo I do Regulamento xeral de condutores.*

Os permisos de condución expedidos de conformidade co anexo I do Regulamento xeral de condutores seguirán sendo válidos ata a data de expiración do seu período de vixencia.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Madrid, 14 de outubro de 2004.

ALONSO SUÁREZ

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

18398 *REAL DECRETO 2063/2004, do 15 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral do réxime sancionador tributario. («BOE» 260, do 28-10-2004.)*

I

O réxime sancionador tributario foi obxecto dunha profunda reforma coa promulgación da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e por iso resulta imprescindible a renovación das normas que constitúen o desenvolvemento regulamentario desta materia, dado que a normativa ata agora vixente, integrada fundamentalmente polo Real decreto 1930/1998, do 11 de setembro, polo que se desenvolve o réxime sancionador tributario e se introducen as adecuacións necesarias no Real decreto 939/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o Regulamento xeral da inspección dos tributos, non se correspondía coa diferente estrutura e sistemática do novo réxime sancionador que incorpora a Lei 58/2003, do 17 de decembro.

O novo réxime sancionador caracterízase fundamentalmente polos seguintes aspectos:

a) A separación conceptual entre débeda tributaria e sanción tributaria.

b) A aplicación dos principios xerais en materia sancionadora consagrados na Constitución e nas normas xerais de dereito administrativo, entre os cales destacan o de legalidade, tipicidade, responsabilidade, presunción de inocencia, proporcionalidade, non-concorrenza e irretroactividade das disposicións sancionadoras non favorables.

c) A nova tipificación das infraccións, que adopta a clasificación tripartita de infraccións leves, graves e moi graves da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

d) A introdución de novas reducións das sancións para os supostos de actas con acordo e de pagamento sen recurso da sanción.

e) A especial relevancia outorgada ao aspecto subxectivo da infracción, de modo que, en termos xerais, a cualificación dunha infracción como grave require a existencia de ocultación, e a cualificación como moi grave require a concorrencia de medios fraudulentos, como

expresións específicas do ánimo fraudulento en materia tributaria.

f) E o incremento da seguridade xurídica, de forma que se tratou de reducir o grao de discrecionalidade administrativa na aplicación do réxime sancionador. Para lograr este obxectivo revisáronse os criterios necesarios para a cuantificación exacta da sanción e incluíronse no texto legal as regras para a súa aplicación. Con esta reforma e coa nova clasificación tripartita das infraccións conseguíronse reducir os intervalos previstos no réxime anterior para o cálculo dalgunhas sancións.

Estas dúas últimas circunstancias mencionadas condicionan o desenvolvemento regulamentario do novo réxime sancionador, posto que as necesidades son moi diferentes das que existían baixo a normativa que agora se derroga. En efecto, o Real decreto 1930/1998, do 11 de setembro, así como o seu precedente, o Real decreto 2631/1985, do 18 de decembro, sobre procedemento para sancionar as infraccións tributarias, tiña como obxectivo fundamental, ademais de establecer as necesarias normas procedementais, concretar os intervalos que establecía a anterior Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria, para a cuantificación das sancións.

En cambio, a norma regulamentaria que agora se aproba responde a unha finalidade diferente, xa que, como se indicou, no novo réxime sancionador establecido pola Lei 58/2003, do 17 de decembro, é a propia lei a que determina na maioría dos casos a contía exacta da sanción que procede para cada infracción tributaria. Por tanto, a necesidade da norma regulamentaria céntrase en establecer as fórmulas de cálculo necesarias para a correcta aplicación de determinados conceptos legais conforme a nova sistemática empregada, ademais de regular o necesario desenvolvemento do procedemento sancionador.

II

A nova Lei xeral tributaria configura como eixe central das infraccións que xeran prexuízo económico o elemento subxectivo concorrente en cada caso, concretado basicamente na ocultación e nos medios fraudulentos. Para a aplicación do novo réxime establécese como regra fundamental a cualificación unitaria da infracción, de modo que, tal e como resulta do artigo 184 da lei, cando nunha determinada regularización se aprecie simultaneamente a concorrencia de ocultación, medios fraudulentos ou calquera outra circunstancia determinante da cualificación da infracción, analizarase a incidencia que cada unha destas circunstancias ten sobre a base da sanción para os efectos de determinar a cualificación da infracción como leve, grave ou moi grave. Unha vez cualificada, a infracción considerarase única e a porcentaxe de sanción que corresponda aplicarase sobre toda a base da sanción.

A incidencia de cada circunstancia mídese en forma de relacións ou proporcións entre diversas magnitudes, cuxa concreción e forma de cálculo trata de resolver esta norma regulamentaria, para reducir as marxes da actuación administrativa no cálculo das sancións. Isto resulta especialmente necesario tendo en conta a casuística propia dun réxime sancionador, dado que nunha mesma regularización, ademais dos incrementos de tributación que determinan a infracción, poden existir tamén partidas que determinan unha maior débeda tributaria pero que non son obxecto de sanción.

En relación coas infraccións que non levan consigo prexuízo económico para a Facenda pública e consisten esencialmente no incumprimento de deberes ou obrigas formais, o desenvolvemento regulamentario contén regras que intentan aclarar a incompatibilidade de determinados tipos infractores de acordo co principio de non-concorrenza de sancións tributarias establecido no artigo 180 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

III

O capítulo III do regulamento que se aproba constitúe o desenvolvemento das normas sobre procedemento sancionador previstas nos artigos 207 e seguintes da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria. Nesta regulación, a novidade máis destacada está constituída pola nova configuración do dereito á tramitación separada do procedemento sancionador como un dereito renunciábel por parte dos interesados nun procedemento de aplicación dos tributos.

De acordo con iso, este capítulo queda estruturado en catro seccións. Unha primeira relativa a disposicións xerais; outras dúas seccións dedicadas, respectivamente, á tramitación separada e conxunta do procedemento sancionador, e unha última sección relativa á execución das sancións.

Dentro da tramitación separada, as modificacións máis importantes respecto ao contido que sobre esta materia establecía o Real decreto 1930/1998, do 11 de setembro, afectan o trámite de resolución do procedemento, xa que se prevé que o órgano competente para resolver poida ordenar a ampliación de actuacións e rectificar a proposta de resolución. Así mesmo, débese destacar que se incorporan ao Regulamento xeral do réxime sancionador tributario as normas especiais relativas aos procedementos sancionadores tramitados polos órganos de inspección dos tributos e que no réxime anterior se situaban no citado Regulamento xeral da inspección dos tributos.

En canto á tramitación conxunta dos procedementos, o artigo 208 da lei distingue dous supostos claramente diferenciados, cunha específica habilitación regulamentaria para os efectos de que se regule a tramitación conxunta de forma coherente coa natureza propia de cada suposto. Así, no suposto de actas con acordo, non é precisa a iniciación, tramitación e resolución dun procedemento sancionador separado, de modo que a sanción se impón, se é o caso, no propio acto resolutorio do procedemento de inspección. Isto encontra a súa xustificación na especial natureza desta forma de conclusión do procedemento, como vía absolutamente voluntaria para o interesado.

En cambio, nos demais supostos de renuncia que establece o artigo 208 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, prevese a iniciación e terminación específica do procedemento sancionador e a súa tramitación conxunta co procedemento de aplicación dos tributos. Ao se establecer a notificación conxunta das propostas de resolución de ambos os procedementos, o obrigado poderá exercer as distintas opcións que lle outorga o ordenamento xurídico nesta materia. Desta forma, respéctanse as garantías do obrigado tributario e, á vez, permítese que o curso dos distintos actos de finalización de ambos os procedementos poida ser diferente, dados os diferentes efectos que a lei establece para a interposición de recursos e reclamacións contra a liquidación e a sanción.

Introdúcese un capítulo de disposicións especiais onde se regula a imposición de sancións non pecuniarias e as actuacións en materia de delitos contra a Facenda pública.

Finalmente, inclúense tres disposicións adicionais, unha disposición transitoria e unha disposición derradeira.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía e Facenda, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo da deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 15 de outubro de 2004,

DISPÓN O :

Artigo único. Aprobación do Regulamento xeral do réxime sancionador tributario.

Apróbase o Regulamento xeral do réxime sancionador tributario, cuxo texto se insire a continuación.

Disposición transitoria primeira. Aplicación retroactiva do novo réxime sancionador tributario.

1. O regulamento aprobado por este real decreto seralles de aplicación ás infraccións tributarias cometidas con anterioridade á entrada en vigor da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, sempre que a súa aplicación resulte máis favorable para o suxeito infractor e a sanción imposta non adquirise firmeza, segundo o disposto no número 1 da súa disposición transitoria cuarta.

O regulamento aprobado por este real decreto seralles de aplicación ás infraccións tributarias cometidas con posterioridade á entrada en vigor da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e con anterioridade á entrada en vigor do regulamento aprobado por este real decreto, sempre que a sanción imposta non adquirise firmeza.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, as normas sobre procedemento previstas nos capítulos III e IV do regulamento que se aproba por este real decreto seralles de aplicación a todos os procedementos sancionadores que se inicien a partir da súa entrada en vigor, calquera que sexa o réxime sancionador aplicable.

2. Para os efectos de aplicar o réxime máis favorable, terase en conta o importe final da sanción despois da aplicación, se é o caso, da redución por acordo ou conformidade, sen considerar a eventual aplicación da redución prevista no artigo 188.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Nos supostos de sancións derivadas de actas con acordo considerárase, para os efectos de comparación, que no réxime sancionador previsto na Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria, fose de aplicación a redución por conformidade.

Disposición transitoria segunda. Aplicación transitoria do criterio de gradación de comisión repetida de infraccións tributarias.

1. Para os efectos de aplicar o criterio de gradación de comisión repetida de infraccións tributarias, cando se trate de sancións firmes en vía administrativa que fosen impostas en aplicación do réxime sancionador previsto na Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria, considerárase como antecedente o feito de que o suxeito infractor fose sancionado anteriormente por unha infracción da mesma natureza, que terá a consideración de leve para os efectos do previsto no artigo 187.1.a) da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

2. Para os efectos do disposto no punto anterior, entenderase que as infraccións previstas no artigo 79.a), b) e c) da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria, son da mesma natureza que as previstas nos artigos 191, 192 e 193 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria. A infracción prevista no artigo 78.1.a) da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria, considerárase da mesma natureza que a prevista no artigo 199 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Disposición transitoria terceira. Aplicación transitoria da redución prevista no artigo 188.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

1. A redución prevista no artigo 188.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, aplicarase a todas as sancións cuxo ingreso en período voluntario se efectuase a partir da entrada en vigor da dita lei, calquera que sexa o réxime sancionador aplicado, sempre que se cumpran os requisitos establecidos no artigo 188.3 e na disposición transitoria terceira da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

2. A redución prevista no artigo 188.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, tamén se lles aplicará

ás sancións que fosen impugnadas antes da entrada en vigor da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, sempre que concorran as dúas seguintes circunstancias:

- a) Que se desista antes do 31 de decembro de 2004 do recurso ou reclamación interposto contra a sanción e contra a liquidación da cal, se é o caso, derivase a sanción, e
- b) Que se efectúe o ingreso do importe restante da sanción con anterioridade a que finalice o prazo de pagamento establecido no artigo 62.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria. O dito prazo iniciarase o día seguinte ao da notificación da comunicación que efectúe o órgano competente unha vez que recibise o acordo do órgano administrativo, económico-administrativo ou o auto xudicial de arquivo de actuacións. Á dita comunicación xuntaráselle carta de pagamento polo importe restante da sanción.

Disposición derogatoria única. Derrogación normativa.

Quedan derogados:

- a) O Real decreto 1930/1998, do 11 de setembro, polo que se desenvolve o réxime sancionador tributario e se introducen as adecuacións necesarias no Real decreto 939/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o Regulamento xeral da inspección dos tributos.
- b) Os artigos 63 bis, 63 ter, 63 quáter e 66 do Regulamento xeral da inspección dos tributos, aprobado polo Real decreto 939/1986, do 25 de abril.
- c) As disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao previsto neste real decreto.

Disposición derradeira única. Entrada en vigor.

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 15 de outubro de 2004.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente segundo do Goberno
e ministro de Economía e Facenda,
PEDRO SOLBES MIRA

REGULAMENTO XERAL DO RÉXIME SANCIONADOR TRIBUTARIO

ÍNDICE

Capítulo I. Disposicións xerais.

Artigo 1. Ámbito de aplicación.

Artigo 2. Efectos da regularización voluntaria na orde sancionadora.

Capítulo II. As infraccións e sancións tributarias.

Sección 1.^a Cualificación das infraccións tributarias.

Artigo 3. Cualificación unitaria da infracción.

Artigo 4. Circunstancias determinantes da cualificación dunha infracción.

Sección 2.^a Cuantificación das sancións tributarias.

Artigo 5. Comisión repetida de infraccións tributarias.

Artigo 6. Incumprimento substancial da obriga de facturación ou documentación.

Artigo 7. Conformidade do obrigado tributario.

Sección 3.^a Normas especiais para determinadas infraccións e sancións tributarias.

Subsección 1.^a Cálculo da sanción nos supostos de infraccións previstas nos artigos 191, 192 e 193 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Artigo 8. Cálculo da base da sanción nos supostos de infraccións previstas nos artigos 191, 192 e 193 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Artigo 9. Cálculo da incidencia sobre a base da sanción das circunstancias determinantes da cualificación dunha infracción.

Artigo 10. Cálculo da incidencia da ocultación.

Artigo 11. Cálculo da incidencia do mantemento incorrecto de libros ou rexistros.

Artigo 12. Cálculo da incidencia da utilización de facturas, xustificantes ou documentos falsos ou falseados.

Subsección 2.^a Normas especiais para a delimitación e cuantificación doutras infraccións e sancións tributarias.

Artigo 13. Infracción tributaria por determinar ou acreditar improcedentemente partidas positivas ou negativas ou créditos tributarios aparentes.

Artigo 14. Infracción tributaria por non presentar en prazo autoliquidacións ou declaracións sen que se produza prexuízo económico.

Artigo 15. Infracción tributaria por presentar incorrectamente autoliquidacións ou declaracións sen que se produza prexuízo económico ou contestacións a requirimentos individualizados de información.

Artigo 16. Infracción tributaria por incumprir obrigas contables e rexistras.

Artigo 17. Infracción tributaria por incumprir obrigas de facturación ou documentación.

Artigo 18. Infracción tributaria por resistencia, obstrución, escusa ou negativa ás actuacións da Administración tributaria.

Artigo 19. Infracción tributaria por incumprir a obriga de entregar o certificado de retencións ou ingresos á conta.

Capítulo III. Procedemento sancionador.

Sección 1.^a Disposicións xerais.

Artigo 20. Atribución das competencias no procedemento sancionador.

Artigo 21. Procedemento para a imposición de sancións tributarias.

Sección 2.^a Tramitación separada do procedemento sancionador.

Artigo 22. Iniciación do procedemento sancionador.

Artigo 23. Instrución do procedemento sancionador.

Artigo 24. Resolución do procedemento sancionador.

Artigo 25. Especialidades na tramitación separada de procedementos sancionadores iniciados como consecuencia dun procedemento de inspección.

Sección 3.^a Tramitación conxunta co procedemento de aplicación dos tributos.

Subsección 1.^a Renuncia á tramitación separada do procedemento sancionador.

Artigo 26. Exercicio do dereito de renuncia á tramitación separada do procedemento sancionador.

Artigo 27. Tramitación e resolución do procedemento sancionador en caso de renuncia.

Subsección 2.^a Normas especiais para a imposición de sancións no suposto de actas con acordo.

Artigo 28. Tramitación conxunta no suposto de actas con acordo.

Sección 4.^a Execución das sancións.

Artigo 29. Suspensión da execución das sancións.

Capítulo IV. Disposicións especiais.

Sección 1.^a Imposición de sancións tributarias non pecuniarias.

Artigo 30. Sancións tributarias non pecuniarias.

Artigo 31. Especialidades na tramitación de procedementos sancionadores para a imposición de sancións non pecuniarias.

Sección 2.^a Actuacións en materia de delitos contra a Facenda pública.

Artigo 32. Actuacións en supostos do delito previsto no artigo 305 do Código penal.

Artigo 33. Actuacións en supostos doutros delitos contra a Facenda pública.

Disposición adicional primeira. Órganos equivalentes das comunidades autónomas, das cidades de Ceuta e Melilla ou das entidades locais.

Disposición adicional segunda. Expedientes sancionadores relativos ao imposto sobre o patrimonio.

Disposición adicional terceira. Aplicación das infraccións previstas nos artigos 170.dous.4. da Lei 37/1992, do 28 de decembro, e no artigo 63.5 da Lei 20/1991, do 7 de xuño.

Disposición transitoria única. Aplicación transitoria da renuncia á tramitación separada do procedemento sancionador.

Disposición derradeira única. Habilitación normativa.

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

1. O exercicio da potestade sancionadora regulada no título IV da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, axustarase ás normas de procedemento e demais disposicións de desenvolvemento contidas neste regulamento.

2. O disposto neste regulamento tamén se aplicará no ámbito de competencia normativa do Estado, de forma supletoria e naquilo en que resulte procedente, á imposición de sancións tributarias distintas das establecidas na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

3. Este regulamento resultará aplicable nos termos previstos no artigo 1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Artigo 2. *Regularización voluntaria na orde sancionadora.*

Para os efectos do previsto no artigo 179.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, entenderase por regularización voluntaria a efectuada antes da notificación dun requirimento para o cumprimento da obriga tributaria ou da notificación do inicio dun procedemento de comprobación ou investigación ou dun procedemento sancionador.

CAPÍTULO II

As infraccións e sancións tributarias

SECCIÓN 1.^a CUALIFICACIÓN DAS INFRACCIÓNS TRIBUTARIAS

Artigo 3. *Cualificación unitaria da infracción.*

1. Cada infracción tributaria cualificarase de forma unitaria como leve, grave ou moi grave, de acordo co dis-

posto neste capítulo e conforme o resultado de analizar globalmente a conduta realizada en relación coa infracción, salvo no suposto previsto no artigo 191.6 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria; en tal caso, a infracción será sempre leve, calquera que sexan as circunstancias que concorran na conduta do suxeito infractor.

2. Cando nun mesmo procedemento de verificación de datos, comprobación limitada ou inspección se comprobaren varios períodos impositivos ou de liquidación, considerarase, para os efectos da súa cualificación, que existe unha infracción, en relación con cada un dos distintos supostos de infracción tipificados pola lei, por cada tributo e período obxecto do procedemento.

Cando se trate de infraccións relativas a tributos sen período impositivo nin período de liquidación ou a feitos ou operacións cuxa declaración non sexa periódica, considerarase que existe unha infracción por cada obriga tributaria que derive de cada un dos feitos ou operacións suxeitos ao tributo.

Cando se trate de infraccións consistentes no incumprimento de obrigas formais, considerarase que existe unha infracción por cada incumprimento.

3. Cando en relación cun tributo e período impositivo ou de liquidación se incoe máis dun procedemento de aplicación dos tributos, considerarase, para os efectos da súa cualificación e cuantificación, que se cometeu unha única infracción. Nestes supostos, en cada procedemento sancionador que se incoe imporase a sanción que procedese de mediar un só procedemento de aplicación dos tributos, minorada no importe das sancións impostas nos procedementos sancionadores anteriores.

O disposto no parágrafo anterior seralles de aplicación igualmente aos tributos sen período impositivo nin período de liquidación ou a feitos ou operacións cuxa declaración non sexa periódica cando en relación coa mesma obriga tributaria se incoe máis dun procedemento de aplicación dos tributos.

Artigo 4. *Circunstancias determinantes da cualificación dunha infracción.*

1. Entenderase que existe ocultación de datos á Administración tributaria cando se produzan as circunstancias previstas no artigo 184.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, incluso cando a Administración tributaria puidese coñecer a realidade das operacións ou os datos omitidos por declaracións de terceiros, por requirimentos de información ou polo exame da contabilidade, libros ou rexistros e demais documentación do propio suxeito infractor.

2. Para os efectos do disposto no artigo 184.3.a).3. da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, entenderase que existen asentos, rexistros ou soportes falsos cando nos libros de contabilidade ou nos libros ou rexistros establecidos pola normativa tributaria se reflectan feitos ou operacións inexistentes ou con magnitudes en diñeiro ou doutra natureza superiores ás reais.

Entenderase que existe omisión de operacións cando non se contabilicen ou rexistren operacións realizadas ou cando se contabilicen ou rexistren parcialmente, por magnitudes en diñeiro ou doutra natureza inferiores ás reais.

Entenderase que existe contabilización en contas incorrectas cando, tratándose de libros de contabilidade ou de libros ou rexistros establecidos pola normativa tributaria, se anoten operacións incumprindo a normativa que os regula, de forma que se altere a súa consideración fiscal e diso derivase a comisión da infracción tributaria.

3. Para os efectos do disposto no artigo 184.3.b) da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, entenderase que son facturas, xustificantes ou outros documen-

tos ou soportes falsos ou falseados aqueles que reflectan operacións inexistentes ou magnitudes en diñeiro ou doutra natureza distintas das reais e fosen o instrumento para a comisión da infracción.

SECCIÓN 2.^a CUANTIFICACIÓN DAS SANCIONS TRIBUTARIAS

Artigo 5. *Comisión repetida de infraccións tributarias.*

1. Para os efectos do disposto no artigo 187.1.a) da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, cando o suxeito infractor fose sancionado por varias infraccións da mesma natureza, en virtude de resolución que adquira firmeza en vía administrativa dentro dos catro anos anteriores á comisión da infracción, de todas elas computarase como único antecedente a infracción cuxa cualificación resultase máis grave.

2. Cando se realicen actuacións relativas a unha determinada obriga tributaria, non constituirá antecedente a imposición de sancións por infraccións da mesma natureza derivadas de liquidacións provisionais referidas á mesma obriga, será de aplicación o disposto no artigo 3.3 deste regulamento.

Artigo 6. *Incumprimento substancial da obriga de facturación ou documentación.*

Cando un procedemento de comprobación ou investigación teña por obxecto varios tributos con períodos impositivos ou de liquidación de diferente duración, a apreciación do criterio de incumprimento substancial da obriga de facturación ou documentación previsto no artigo 187.1.c) da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, realizarase tomando en consideración cada un dos períodos de menor duración.

Artigo 7. *Conformidade do obrigado tributario.*

1. Nos procedementos de verificación de datos e comprobación limitada, salvo que se requira a conformidade expresa, entenderase producida a conformidade cando o obrigado tributario non interpoña recurso ou reclamación económico-administrativa contra a liquidación.

Cando o obrigado tributario manifestase expresamente a súa conformidade durante o procedemento ou, cando no momento de ditar a resolución do procedemento sancionador non transcorre o prazo para a interposición do recurso ou reclamación que proceda contra a liquidación e non se teña constancia da súa interposición, a sanción imporase coa correspondente redución, sen prexuízo de que posteriormente se exixa o importe da redución aplicada no suposto de que o obrigado tributario interpoña recurso ou reclamación contra a liquidación.

2. Nos procedementos de inspección, entenderase outorgada a conformidade cando o obrigado tributario subscriba unha acta de conformidade ou cando, unha vez o inspector-xefe rectificase a proposta de regularización contida nunha acta, o obrigado tributario manifeste a súa conformidade coa nova proposta contida no acordo de rectificación no prazo concedido para o efecto.

Tamén se entenderá outorgada a conformidade cando o obrigado tributario que subscribise unha acta de desconformidade manifeste expresamente a súa conformidade antes de que se dite o acto administrativo de liquidación.

SECCIÓN 3.^a NORMAS ESPECIAIS PARA DETERMINADAS INFRACCIÓNS E SANCIONS TRIBUTARIAS

Subsección 1.^a Cálculo da sanción nos supostos de infraccións previstas nos artigos 191, 192 e 193 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria

Artigo 8. *Cálculo da base da sanción nos supostos de infraccións previstas nos artigos 191, 192 e 193 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.*

1. A base da sanción na infracción prevista no artigo 191 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, será o importe da cantidade a ingresar resultante da regularización practicada, salvo nos supostos previstos no punto seguinte.

2. Cando da regularización practicada resulten cantidades sancionables e non sancionables, a base da sanción será o resultado de multiplicar a cantidade a ingresar polo coeficiente regulado no punto 3.

3. O coeficiente a que se refire o punto anterior determinarase multiplicando por 100 o resultante dunha fracción en que figuren:

a) No numerador, a suma do resultado de multiplicar os incrementos sancionables regularizados na base imponible ou liquidable polo tipo de gravame do tributo, se os ditos incrementos se producen na parte da base gravada por un tipo proporcional ou, se se producen na parte da base gravada por unha tarifa, polo tipo medio de gravame resultante da súa aplicación, máis os incrementos sancionables realizados directamente na cota do tributo ou na cantidade a ingresar.

b) No denominador, a suma do resultado de multiplicar todos os incrementos que se regularizasen na base imponible ou liquidable polo tipo de gravame do tributo, se os ditos incrementos se producen na parte da base gravada por un tipo proporcional ou, se se producen na parte da base gravada por unha tarifa, polo tipo medio de gravame resultante da súa aplicación, máis os incrementos realizados directamente na cota do tributo ou na cantidade a ingresar.

Este coeficiente expresarase redondeado con dous decimais.

4. Cando na regularización se realizasen axustes na base, na cota ou na cantidade a ingresar que minoren a débeda tributaria, a súa contía non se terá en conta para os efectos do cálculo do coeficiente a que se refire o punto anterior.

5. Non obstante o disposto nos puntos anteriores, naqueles supostos en que concorra a conduta prevista no artigo 191.6 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, as cantidades indebidamente declaradas nun período non diminuirán a base de sanción que proceda na regularización daquel.

6. O disposto nos puntos anteriores tamén será de aplicación para o cálculo da base da sanción no caso das infraccións previstas nos artigos 192 e 193 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, entendendo que as mencións ás cantidades deixadas de ingresar se refiren, respectivamente, a:

a) No caso do artigo 192, á contía da liquidación cando non se presentase declaración ou á diferenza entre a contía que resulte da adecuada liquidación do tributo e a que procedese de acordo cos datos declarados.

b) No caso do artigo 193, á cantidade devolta indebidamente como consecuencia da comisión da infracción.

Artigo 9. *Cálculo da incidencia sobre a base da sanción das circunstancias determinantes da cualificación dunha infracción.*

1. A incidencia da ocultación, do mantemento incorrecto de libros ou rexistros ou dos documentos ou soportes falsos ou falseados sobre a base da sanción calculárase de acordo coas regras establecidas para cada caso nos artigos seguintes deste regulamento.

Cando concorran máis dunha das circunstancias determinantes da cualificación da infracción, tomarase en consideración a que determine unha maior gravidade da conduta.

2. O feito de que determinados incrementos se teñan en conta para o cálculo da incidencia da ocultación, do mantemento incorrecto de libros ou rexistros ou dos documentos ou soportes falsos ou falseados non impedirá a inclusión deses mesmos importes, se procede, para os efectos do cálculo da incidencia doutras das citadas circunstancias determinantes da cualificación da infracción.

Artigo 10. *Cálculo da incidencia da ocultación.*

1. A incidencia da débeda derivada da ocultación sobre a base da sanción determinarase polo coeficiente regulado no número 2.

2. O coeficiente a que se refire o punto anterior determinarase multiplicando por 100 o resultante dunha fracción en que figuren:

a) No numerador, a suma do resultado de multiplicar os incrementos realizados na base imponible ou liquidable en que se apreciase ocultación polo tipo de gravame do tributo, se os ditos incrementos se producen na parte da base gravada por un tipo proporcional ou, se se producen na parte da base gravada por unha tarifa, polo tipo medio de gravame resultante da súa aplicación, máis os incrementos realizados directamente na cota do tributo ou na cantidade a ingresar nos cales se apreciase ocultación.

b) No denominador, a suma do resultado de multiplicar todos os incrementos sancionables que se regularizasen na base imponible ou liquidable polo tipo de gravame do tributo, se os ditos incrementos se producen na parte da base gravada por un tipo proporcional ou, se se producen na parte da base gravada por unha tarifa, polo tipo medio de gravame resultante da súa aplicación, máis os incrementos sancionables realizados directamente na cota do tributo ou na cantidade a ingresar.

Este coeficiente exprésarase redondeado con dous decimais.

3. Cando na regularización se realizasen axustes na base, na cota ou na cantidade a ingresar que minoren a débeda tributaria, a súa contía non se terá en conta para os efectos dos cálculos previstos no punto anterior.

4. Para o cálculo da incidencia da ocultación teranse en conta todos os importes que fosen regularizados, con independencia do que resulte da aplicación dos artigos 191, 192, 193 e 195 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

5. No suposto de falta de presentación da declaración ou autoliquidación, entenderase que a incidencia da débeda derivada da ocultación sobre a base da sanción é do 100 por cento.

Artigo 11. *Cálculo da incidencia do mantemento incorrecto de libros ou rexistros.*

1. A incidencia do mantemento incorrecto dos libros ou rexistros sobre a base da sanción determinarase polo coeficiente regulado no número 2.

2. O coeficiente a que se refire o punto anterior determinarase multiplicando por 100 o resultante dunha fracción en que figuren:

a) No numerador, a suma do resultado de multiplicar os incrementos realizados na base imponible ou liquidable cuxa regularización estea orixinada polo mantemento incorrecto dos libros ou rexistros polo tipo de gravame do tributo, se os ditos incrementos se producen na parte da base gravada por un tipo proporcional ou se se producen na parte da base gravada por unha tarifa, polo tipo medio de gravame resultante da súa aplicación, máis os incrementos realizados directamente na cota do tributo ou na cantidade a ingresar cuxa regularización estea orixinada polo mantemento incorrecto de libros ou rexistros.

b) No denominador, a suma do resultado de multiplicar todos os incrementos sancionables que se regularizasen na base imponible ou liquidable polo tipo de gravame do tributo, se os ditos incrementos se producen na parte da base gravada por un tipo proporcional ou, se se producen na parte da base gravada por unha tarifa, polo tipo medio de gravame resultante da súa aplicación, máis os incrementos sancionables realizados directamente na cota do tributo ou na cantidade a ingresar.

Este coeficiente exprésarase redondeado con dous decimais.

3. Cando na regularización se realizasen axustes na base, na cota ou na cantidade a ingresar que minoren a débeda tributaria, a súa contía non se terá en conta para os efectos dos cálculos previstos no punto anterior.

4. Para o cálculo da incidencia do mantemento incorrecto dos libros ou rexistros teranse en conta todos os importes que fosen regularizados, con independencia do que resulte da aplicación dos artigos 191, 192, 193 e 195 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Artigo 12. *Cálculo da incidencia da utilización de facturas, xustificantes ou documentos falsos ou falseados.*

1. A incidencia dos documentos ou soportes falsos ou falseados sobre a base da sanción determinarase polo coeficiente regulado no número 2.

2. O coeficiente a que se refire o punto anterior determinarase multiplicando por 100 o resultante dunha fracción en que figuren:

a) No numerador, a suma do resultado de multiplicar os incrementos realizados na base imponible ou liquidable cuxa regularización estea orixinada pola utilización de facturas, xustificantes ou outros documentos ou soportes falsos ou falseados polo tipo de gravame do tributo, se os ditos incrementos se producen na parte da base gravada por un tipo proporcional ou, se se producen na parte da base gravada por unha tarifa, polo tipo medio de gravame resultante da súa aplicación, máis os incrementos realizados directamente na cota do tributo ou na cantidade a ingresar cuxa regularización estea orixinada pola utilización de facturas, xustificantes ou outros documentos ou soportes falsos ou falseados.

b) No denominador, a suma do resultado de multiplicar todos os incrementos sancionables que se regularizasen na base imponible ou liquidable polo tipo de gravame do tributo, se os ditos incrementos se producen na parte da base gravada por un tipo proporcional ou, se se producen na parte da base gravada por unha tarifa, polo tipo medio de gravame resultante da súa aplicación, máis os incrementos sancionables realizados directamente na cota do tributo ou na cantidade a ingresar.

Este coeficiente exprésarase redondeado con dous decimais.

3. Cando na regularización se realizasen axustes na base, na cota ou na cantidade a ingresar que minoren a débeda tributaria, a súa contía non se terá en conta para os efectos dos cálculos previstos no punto anterior.

4. Para o cálculo da incidencia dos documentos ou soportes falsos ou falseados teranse en conta todos os importes que fosen regularizados, con independencia do que resulte da aplicación dos artigos 191, 192, 193 e 195 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Subsección 2.^a Normas especiais para a delimitación e cuantificación doutras infraccións e sancións tributarias

Artigo 13. *Infracción tributaria por determinar ou acreditar improcedentemente partidas positivas ou negativas ou créditos tributarios aparentes.*

1. Cando a infracción a que se refire o artigo 195.1, parágrafo segundo, da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, concorra coas infraccións reguladas nos artigos 191, 192 e 193 desta lei, a base da sanción determinarase de acordo co disposto nos puntos seguintes deste artigo.

2. Cando o que se declarase incorrectamente sexa a renda neta, a sanción proporcional do 15 por cento aplicarase sobre a base de sanción calculada da seguinte forma:

a) Se a aplicación de cantidades pendentes só se levou a cabo na base do tributo, a base da sanción será o incremento de renda neta sancionable que fose obxecto de compensación.

b) Se a aplicación de cantidades pendentes só se levou a cabo na cota do tributo ou na cantidade a ingresar, a base da sanción determinarase multiplicando as cantidades que fosen obxecto de compensación ou dedución na cota ou cantidade a ingresar polo resultado, redondeado en dous decimais, dun cociente en que figuran:

1.º No numerador, a renda neta sancionable declarada incorrectamente.

2.º No denominador, a diferenza entre a cota íntegra regularizada e a declarada inicialmente.

c) Se a aplicación das cantidades pendentes se levou a cabo tanto na base como na cota do tributo ou cantidade a ingresar, a base da sanción será a suma das cantidades que resulten do disposto nas alíneas a) e b) anteriores, calculadas nesa orde. Para determinar o incremento de renda neta sancionable que constitúe a base da sanción prevista na alínea b) será preciso, en primeiro lugar, restar da totalidade do incremento de renda neta sancionable a parte que fose compensada na base do tributo con cantidades pendentes de compensación.

3. Cando o que se declarase incorrectamente sexa a cota repercutida, a cantidade ou cota a deducir ou os incentivos fiscais dun período e a compensación só se levase a cabo na cota do tributo ou na cantidade a ingresar, a multa proporcional do 50 por cento aplicarase sobre o incremento de cota sancionable que fose obxecto de compensación.

4. Cando o que se declarase incorrectamente sexa tanto a renda neta do período como as cantidades a deducir ou os incentivos fiscais do dito período, a base de sanción calcularase da seguinte forma:

a) Se só se aplicaron cantidades pendentes de compensación na cota do tributo ou na cantidade a ingresar, a dita compensación deberase imputar proporcionalmente tanto ao incremento de renda neta sancionable como ás cantidades ou incentivos fiscais declarados incorrectamente na cota, para os efectos de determinar a parte da base da sanción que corresponde a cada unha delas.

As ditas imputacións efectuaranse en función dos coeficientes que se determinarán multiplicando por 100 o resultante das fraccións procedentes segundo as partidas regularizadas, cuxo numerador será, dependendo do caso:

1.º O resultado de multiplicar o incremento de renda neta sancionable polo tipo de gravame do imposto, se o dito incremento se produce na parte da base gravada por un tipo proporcional.

2.º O resultado de multiplicar o incremento de renda neta sancionable polo tipo medio de gravame resultante da aplicación da tarifa, se o dito incremento se produce na parte da base gravada por unha tarifa.

3.º Os incrementos sancionables realizados directamente na cota do imposto.

En todos os casos, o denominador incluirá a suma do resultado de multiplicar todos os incrementos que se regularizasen na base imponible ou liquidable polo tipo de gravame do tributo, se os ditos incrementos se producen na parte da base gravada por un tipo proporcional ou, se se producen na parte da base gravada por unha tarifa, polo tipo medio de gravame resultante da súa aplicación, máis os incrementos realizados directamente na cota do tributo.

Estes coeficientes expresaranse redondeados con dous decimais.

Unha vez determinadas as imputacións correspondentes, as que correspondan ao incremento de renda neta en base sancionaranse de acordo co disposto no número 2.b) deste artigo, e a que corresponda ás cantidades ou incentivos fiscais declarados incorrectamente na cota ou cantidade a ingresar sancionaranse conforme o disposto no número 3.

b) Se se aplicaron cantidades pendentes de compensación ou redución na base do tributo e cantidades pendentes de compensación, dedución na cota do tributo ou na cantidade a ingresar, aplicarase en primeiro lugar a alínea a) do número 2 e, en segundo lugar, a alínea a) deste número 4.

Artigo 14. *Infracción tributaria por non presentar en prazo autoliquidacións ou declaracións sen que se produza prexuízo económico.*

Nos supostos a que se refire o artigo 198.2, parágrafo segundo, da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, non se imporá a sanción que resulte pola presentación fóra de prazo da autoliquidación ou declaración exclusivamente en relación cos datos que fosen correctamente declarados en prazo, sen prexuízo da sanción que, se é o caso, puidese proceder en relación coa autoliquidación ou declaración presentada fóra de prazo por aplicación do disposto no artigo 199 da lei.

Artigo 15. *Infracción tributaria por presentar incorrectamente autoliquidacións ou declaracións sen que se produza prexuízo económico ou contestacións a requirimentos individualizados de información.*

1. Cando se trate de requirimentos individualizados ou de declaracións exixidas con carácter xeral que teñan por obxecto unicamente datos expresados en magnitudes non monetarias, será de aplicación o disposto no artigo 199.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

2. Cando se trate de requirimentos individualizados ou de declaracións exixidas con carácter xeral que teñan por obxecto unicamente datos expresados en magnitudes monetarias, aplicarase o disposto nas alíneas b) e c) do punto seguinte.

3. Cando se trate de requirimentos individualizados ou de declaracións exixidas con carácter xeral que teñan por obxecto datos expresados en magnitudes monetarias e non monetarias, será de aplicación o disposto no artigo 199.5 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, de acordo coas seguintes regras:

a) Se os datos incorrectos, inexactos ou falsos son os non monetarios, a base da sanción será o importe total do dato monetario vinculado a aqueles ou, de seren varios os datos monetarios relativos á mesma persoa ou entidade, o de maior importe.

b) Se os datos incorrectos, inexactos ou falsos son os monetarios e os non monetarios, a base da sanción será a diferenza, expresada en valores absolutos, entre o importe contestado ou declarado e o importe correcto do dato requirido ou que se debese declarar. Cando os datos monetarios incorrectos, inexactos ou falsos, referidos a unha mesma persoa ou entidade sexan dous ou máis, tomarase como base da sanción a suma das diferenzas de todos eles.

c) Se os datos incompletos, inexactos ou falsos expresados en magnitudes monetarias estivesen referidos a unha mesma persoa ou entidade e relacionados entre si pola aplicación dunha porcentaxe ou tipo de gravame, a base de sanción para este conxunto de datos determinarase de acordo coas seguintes especialidades:

1.^a Se o dato incompleto, inexacto ou falso é o importe sobre o cal se aplica a porcentaxe ou tipo de gravame, a base da sanción será a diferenza, expresada en valores absolutos, entre o importe contestado ou declarado e o importe correcto dos datos requiridos ou que se debesen declarar. Cando sexan dous ou máis as magnitudes incompletas, inexactas ou falsas, referidas a unha mesma persoa ou entidade, tomarase como base da sanción a suma das diferenzas de todos eles.

2.^a Se o dato incompleto, inexacto ou falso é a porcentaxe ou tipo de gravame, a base da sanción será a diferenza, expresada en valores absolutos, entre o importe declarado como resultante da aplicación da porcentaxe ou tipo de gravame e o importe resultante da aplicación da porcentaxe ou tipo de gravame correcto. Cando sexan dúas ou máis as porcentaxes ou os tipos de gravame incompletos, inexactos ou falsos, referidos a unha mesma persoa ou entidade, tomarase como base da sanción a suma das diferenzas de todos eles.

3.^a Se os datos incompletos, inexactos ou falsos son tanto a porcentaxe ou o tipo de gravame como o importe sobre o cal se aplica a porcentaxe ou o tipo de gravame, a base da sanción será a suma das diferenzas de todos eles, expresada en valores absolutos, entre os importes contestados ou declarados e os que se debesen contestar ou declarar.

4. Nos supostos previstos no número 3, a multa proporcional aplicable determinarase pola relación existente entre a base de sanción total determinada de acordo co dito punto e os importes correctos de todos os datos monetarios requiridos ou que se debesen declarar e, no caso de datos relacionados entre si pola aplicación dunha porcentaxe ou o tipo de gravame, os importes correctos das magnitudes sobre as cales se aplica a porcentaxe ou tipo de gravame.

5. Cando se presenten voluntariamente sen requirimento previo declaracións ou autoliquidacións que emenden as presentadas con anterioridade de forma incorrecta, se a nova declaración ou autoliquidación se presenta contendo datos incompletos, inexactos ou falsos, imporase a sanción que proceda segundo o disposto no artigo 199 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, exclusivamente en relación cos novos datos incorrectamente presentados.

6. Non se incorrerá en responsabilidade pola contestación incorrecta a un requirimento cando se presente voluntariamente, sen novo requirimento, unha nova contestación que emende a presentada con anterioridade.

No suposto a que se refire o parágrafo anterior, se a nova contestación ao requirimento se presentase, pola súa vez, de forma incompleta, inexacta ou con datos falsos, imporase a sanción que proceda segundo o disposto no artigo 199 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, exclusivamente en relación cos datos incorrectamente declarados na nova contestación.

Artigo 16. *Infracción tributaria por incumprir obrigas contables e rexistrais.*

1. Cando proceda a multa proporcional do un por cento da cifra de negocios do suxeito infractor prevista no artigo 200.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, polo non-mantemento ou conservación da contabilidade, libros rexistro exixidos polas normas tributarias, programas, ficheiros e arquivos informáticos que lles sirvan de soporte e sistemas de codificación, serán de aplicación as seguintes regras:

a) Se se trata da contabilidade, considerarase a cifra de negocios do suxeito infractor no exercicio económico en que non se levase ou do cal non se conserven os mencionados libros, programas, ficheiros, arquivos ou sistemas.

b) Se se trata dos libros ou rexistros exixidos polas normas tributarias, considerarase a cifra de negocios do suxeito infractor no período impositivo ou de liquidación en que non se levasen ou do que non se conserven os mencionados libros, rexistros, programas, ficheiros, arquivos ou sistemas.

2. Cando se trate de libros ou rexistros exixidos pola normativa de impostos especiais, aplicaranse as seguintes regras:

a) Se a infracción consiste na inexactitude ou omisión de operacións ou a utilización de contas con significado distinto do que lles corresponda, e as anotacións non están expresadas en magnitudes monetarias, a sanción aplicarase sobre o valor dos produtos fabricados que garden relación coas operacións non anotadas ou anotadas incorrectamente no correspondente libro ou rexistro.

b) Se a infracción consiste no non-mantemento ou conservación dos libros ou rexistros, entenderase que a cifra de negocios é unicamente a que lles corresponda aos produtos que garden relación co non-mantemento ou conservación dos ditos libros ou rexistros.

3. Non se incorrerá en responsabilidade administrativa pola infracción prevista no artigo 200 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, relativa ao incumprimento de obrigas contables e rexistrais, cando se lle deba impor ao mesmo suxeito infractor unha sanción por algunha das infraccións previstas nos artigos 191 a 197 como consecuencia da incorrecta declaración ou autoliquidación das operacións a que se refira o incumprimento contable ou rexistral.

Artigo 17. *Infracción tributaria por incumprir obrigas de facturación ou documentación.*

1. Entenderase por importe da operación que orixínase o incumprimento a base imponible determinada para os efectos do imposto xeral sobre vendas.

Cando o incumprimento da obriga de facturación se produza na rectificación dunha factura, xustificante ou documento substitutivo, a multa proporcional aplicarase sobre o importe da base imponible do imposto xeral

sobre vendas que grave a operación documentada na factura, xustificante ou documento substitutivo.

2. Cando, de acordo co disposto no artigo 201.2.b) da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, se deba impoñer a multa pecuniaria fixa de 300 euros por descoñecerse o importe da operación a que se refira a infracción, a dita contía non poderá ser incrementada por aplicación do criterio de gradación de incumprimento substancial da obriga de facturación como consecuencia de non coñecerse o importe das operacións suxeitas á dita obriga, sen prexuízo da posible aplicación deste criterio sobre a parte da sanción que consista en multa proporcional sobre o importe das operacións que orixinasen a infracción.

3. Non se incorrerá en responsabilidade pola infracción prevista no artigo 201 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, en relación co incumprimento da obriga de conservar facturas, xustificantes ou documentos, cando se lle deba impoñer ao mesmo suxeito infractor unha sanción por algunha das infraccións previstas nos artigos 191 a 197 en relación coas operacións afectadas polo dito incumprimento.

Artigo 18. *Infracción tributaria por resistencia, obstrución, escusa ou negativa ás actuacións da Administración tributaria.*

1. Cando a resistencia, obstrución, escusa ou negativa consista na desatención de requirimentos que non se efectúen a persoas ou entidades que realicen actividades económicas ou que, referidos a actividades económicas, sexan distintos dos previstos no artigo 203.5 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, será de aplicación o disposto no artigo 203.4 da dita lei.

2. As multas previstas no artigo 203.4.a), b) e c) da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, non poderán ser obxecto de acumulación, polo que se lle deberá impor unha única sanción que se determinará en función do número de veces que se desatendese cada requirimento.

O disposto no parágrafo anterior tamén será de aplicación ás multas previstas no artigo 203.5.a), b) e c) da citada lei.

3. Para os efectos da aplicación do disposto no artigo 203.5.c) da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, cando se coñeza o importe das operacións cuxa información se require, procederase conforme as seguintes regras:

a) No caso previsto no parágrafo primeiro do número 5.c), se o importe das operacións cuxa información non se facilita representa unha porcentaxe superior ao 10, 25, 50 ou 75 por cento do importe das operacións obxecto do requirimento, a sanción consistirá en multa pecuniaria proporcional do 0,5, 1, 1,5 ou 2 por cento do importe da cifra de negocios, respectivamente, cun mínimo de 10.000 euros e un máximo de 400.000 euros.

b) No caso previsto no parágrafo segundo do punto 5.c), se o importe das operacións cuxa información non se facilita representa unha porcentaxe superior ao 10, 25, 50 ou 75 por cento do importe das operacións que se deberon declarar, a sanción consistirá en multa pecuniaria proporcional do 1, 1,5, 2 ou 3 por cento do importe da cifra de negocios, respectivamente, cun mínimo de 15.000 euros e un máximo de 600.000 euros.

Artigo 19. *Infracción tributaria por incumprir a obriga de entregar o certificado de retencións ou ingresos á conta.*

Para os efectos do disposto no artigo 206 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, entenderase cometida a infracción cando os obrigados tributarios que

deban reter ou ingresar á conta non poñan á disposición dos perceptores das rendas suxeitas a retención ou ingreso á conta, antes dos prazos de presentación das declaracións, autoliquidacións, comunicacións de datos ou solicitudes de devolución do tributo a que se refira a dita retención ou ingreso á conta, o certificado que deben expedir en favor dos ditos perceptores, nos termos previstos na normativa reguladora do tributo.

CAPÍTULO III

Procedemento sancionador

SECCIÓN 1.^a DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 20. *Atribución das competencias no procedemento sancionador.*

1. Salvo que unha disposición estableza expresamente outra cosa, a atribución de competencias no procedemento sancionador será a mesma que a do procedemento de aplicación dos tributos de que derive.

2. No ámbito dunha mesma Administración tributaria, o cambio de adscrición ou a comunicación a aquela dun cambio de domicilio con posterioridade á terminación dun procedemento de aplicación dos tributos distinto do procedemento de inspección ou de recadación, excepción feita dos procedementos de xestión en materia de aduanas ou de impostos especiais, producirá os seguintes efectos en relación coa competencia dos órganos administrativos no procedemento sancionador:

a) O cambio de adscrición do obrigado tributario a outra dependencia ou unidade determinará que a competencia para o inicio ou continuación do procedemento sancionador lle corresponda ao órgano competente segundo a nova adscrición a partir da data en que se dite o acordo de cambio de adscrición.

b) A comunicación á Administración tributaria do cambio de domicilio fiscal determinará que a competencia para o inicio ou a continuación do procedemento sancionador lle corresponda ao órgano competente segundo o novo domicilio. O devandito cambio producirá este efecto no prazo dun mes desde a presentación da comunicación. Non obstante, se durante o dito prazo a Administración tributaria inicia un procedemento de comprobación da procedencia do cambio de domicilio, non se alterará a competencia do órgano mentres non se resolva o dito procedemento.

3. No suposto de procedementos sancionadores iniciados como consecuencia dun procedemento de inspección ou de recadación, o domicilio fiscal determinante da competencia do órgano administrativo será o que o obrigado tributario tivese ao inicio das actuacións inspectoras ou recadadoras, sen que o posterior cambio de domicilio fiscal ou de adscrición altere a dita competencia, salvo acordo expreso do director de departamento competente.

Artigo 21. *Procedemento para a imposición de sancións tributarias.*

1. Como regra xeral, a imposición de sancións tributarias realizarase mediante un procedemento separado do procedemento de aplicación dos tributos, de acordo co disposto na sección 2.^a deste capítulo.

2. Non obstante o disposto no punto anterior, nos supostos en que o interesado renuncie á tramitación separada do procedemento sancionador e nos supostos de actas con acordo, as cuestións relativas ás infraccións analizaranse no correspondente procedemento de aplica-

ción dos tributos, de acordo coa súa normativa reguladora e co disposto na sección 3.^a deste capítulo.

SECCIÓN 2.^a TRAMITACIÓN SEPARADA DO PROCEDEMENTO SANCIONADOR

Artigo 22. *Iniciación do procedemento sancionador.*

1. O procedemento iniciárase de oficio mediante a notificación do acordo do órgano competente, que conterá necesariamente as seguintes mencións:

- a) Identificación da persoa ou entidade presuntamente responsable.
- b) Conduta que motiva a incoación do procedemento, a súa posible cualificación e as sancións que puidesen corresponder.
- c) Órgano competente para a resolución do procedemento e identificación do instrutor.
- d) Indicación do dereito a formular alegacións e á audiencia no procedemento, así como do momento e prazos para o seu exercicio.

2. Será órgano competente para iniciar o procedemento sancionador o que se determine na normativa de organización aplicable aos órganos con competencia sancionadora. En defecto de norma expresa, será órgano competente o que teña atribuída a competencia para a súa resolución.

3. Non obstante o disposto no punto anterior, nos procedementos sancionadores iniciados por órganos de inspección serán de aplicación as seguintes regras:

- a) Se o procedemento sancionador se inicia como consecuencia dun procedemento de inspección, será de aplicación o disposto no artigo 25.1.
- b) Se se trata de actuacións inspectoras distintas das que integran o procedemento de inspección, será competente para iniciar o procedemento sancionador o equipo ou unidade que desenvolvese as actuacións de que trae a súa causa a infracción.

4. Iniciaránse tantos procedementos sancionadores como propostas de liquidación se ditasen, sen prexuízo dos que se deban iniciar polas condutas constitutivas de infracción postas de manifesto durante o procedemento e que non impliquen liquidación. Non obstante, cando exista identidade nos motivos ou circunstancias que determinen a apreciación de varias infraccións, poderán acumularse a iniciación e instrución dos distintos procedementos, aínda que se deberá ditar unha resolución individualizada para cada un deles.

Artigo 23. *Instrución do procedemento sancionador.*

1. Será órgano competente para instruír o procedemento sancionador o que se determine na normativa de organización aplicable.

2. Realízanse de oficio cantas actuacións resulten necesarias para determinar, se é o caso, a existencia de infraccións susceptibles de sanción.

3. Para os efectos previstos no punto anterior, uniránse ao expediente sancionador as probas, declaracións e informes necesarios para a súa resolución.

4. Os interesados poderán formular alegacións e achegar os documentos, xustificacións e probas que consideren convenientes en calquera momento anterior ao da proposta de resolución.

5. Concluídas as actuacións, formularase proposta de resolución que lle será notificada ao interesado, concedéndolle, sen prexuízo do establecido no punto anterior, un prazo de 15 días para a posta de manifesto do expediente e para que alegue canto considere conveniente e presente os documentos, xustificantes e probas que coide oportunos.

Se non se formulasen alegacións, elevaráselle a proposta de resolución ao órgano competente para resolver.

Se se formulasen alegacións, o órgano instrutor remitiralle ao órgano competente para impoñer a sanción a proposta de resolución que considere procedente á vista das alegacións presentadas, xunto coa documentación que conste no expediente.

6. Nos supostos de tramitación abreviada previstos no artigo 210.5 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, a proposta de resolución incorporárase ao acordo de iniciación do procedemento, e advertiráselle expresamente ao interesado que, de non formular alegacións nin achegar novos documentos ou elementos de proba, se poderá ditar a resolución de acordo coa dita proposta.

Artigo 24. *Resolución do procedemento sancionador.*

1. O órgano competente ditará resolución motivada, á vista da proposta formulada na instrución do procedemento e dos documentos, probas e alegacións que consten no expediente, sen prexuízo de que previamente poida ordenar que se amplíen as actuacións practicadas; neste caso, concluídas estas, deberase formular unha nova proposta de resolución á cal lle será de aplicación o disposto no número 5 do artigo anterior.

Non se terán en conta na resolución feitos distintos dos que consten no expediente, determinados no curso do procedemento ou achegados a este por teren sido acreditados previamente.

2. No caso de que o órgano competente para impoñer a sanción rectifique a proposta de resolución por concorrer algunha das circunstancias previstas no parágrafo seguinte, a rectificación notificaráselle ao interesado, o cal poderá formular as alegacións que considere pertinentes no prazo de 10 días contados desde o seguinte ao da notificación.

As circunstancias a que se refire o parágrafo anterior son as seguintes:

- a) Cando se consideren sancionables condutas que no procedemento sancionador se considerasen como non sancionables.
- b) Cando se modifique a tipificación da conduta sancionable.
- c) Cando se cambie a cualificación dunha infracción de leve a grave ou moi grave, ou de grave a moi grave.

3. A resolución notificaráselles aos interesados. Na notificación tamén se deberá facer mención:

- a) Aos medios de impugnación que poden ser exercitados, aos prazos e aos órganos perante os cales deberán ser interpostos.
- b) Ao lugar, prazo e forma en que debe ser satisfeito o importe da sanción imposta.
- c) As circunstancias cuxa concorrencia determinará a exixencia do importe das reducións practicadas nas sancións.
- d) Á non-exixencia de xuros de demora nos casos de suspensión da execución de sancións pola interposición en tempo e forma dun recurso ou reclamación administrativa contra elas.
- e) Cando a resolución fose susceptible de impugnación en vía contencioso-administrativa, informarase de que, en caso de se solicitar a suspensión, esta se manterá ata que o órgano xudicial se pronuncie sobre a solicitude, sempre que o interesado cumpra os requisitos do artigo 29.2 deste regulamento.

4. O prazo máximo para notificar a resolución do procedemento sancionador establecido no artigo 211.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, suspenderase de acordo co disposto no se artigo 180.

Artigo 25. *Especialidades na tramitación separada de procedementos sancionadores iniciados como consecuencia dun procedemento de inspección.*

1. Será competente para acordar a iniciación do procedemento sancionador o equipo ou unidade que desenvolve a actuación de comprobación e investigación, salvo que o inspector-xefe designe outro diferente.

En todo caso, o inicio do procedemento sancionador requirirá autorización previa do inspector-xefe, que poderá ser concedida en calquera momento do procedemento de comprobación e investigación ou unha vez finalizado este, antes do transcurso do prazo máximo establecido no artigo 209 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

2. Iniciaranse tantos procedementos sancionadores como actas de inspección se incoasen, sen prexuízo dos que se deban iniciar polas condutas constitutivas de infracción postas de manifesto durante o procedemento inspector e que non impliquen liquidación. Non obstante, cando exista identidade nos motivos ou circunstancias que determinan a apreciación de varias infraccións poderanse acumular a iniciación e instrución dos distintos procedementos, aínda que se deberá ditar unha resolución individualizada para cada un deles.

Nos procedementos a que se refire o parágrafo anterior deberán aparecer debidamente individualizadas as infraccións sancionadas nos ditos procedementos.

3. A instrución do procedemento poderalle ser encomendada polo inspector-xefe ao equipo ou unidade competente para acordar o inicio ou a outro equipo ou unidade distintos, en función das necesidades do servizo ou das circunstancias do caso.

4. Con ocasión do trámite de alegacións, o interesado poderá manifestar de forma expresa a súa conformidade ou desconformidade coa proposta de resolución do procedemento sancionador que se lle formule, de forma que se presumirá a súa desconformidade se non se pronuncia expresamente ao respecto.

5. Se o interesado manifesta a súa desconformidade á proposta de sanción, o órgano competente para impoñer a sanción ditará resolución motivada, sen prexuízo de que previamente poida ordenar que se amplíen as actuacións practicadas.

6. Se o interesado presta a súa conformidade á proposta de sanción, entenderase ditada e notificada a resolución de acordo coa dita proposta polo transcurso do prazo dun mes contado desde o día seguinte á data en que prestou a conformidade, sen necesidade de nova notificación expresa para o efecto, salvo que no curso do dito prazo o órgano competente para impoñer a sanción notifique un acordo en que rectifique os erros materiais apreciados na proposta, ordene completar as actuacións practicadas dentro do prazo máximo de duración do procedemento, dite resolución expresa confirmando a proposta de sanción ou rectifique a proposta por considerala incorrecta. Cando a referida notificación non se produza no prazo dun mes contado desde o día seguinte á data en que prestou a conformidade, esta actuación carecerá de efecto fronte ao interesado.

No caso de que o órgano competente para impoñer a sanción rectifique a proposta, a nova proposta de sanción notificaráselle ao interesado dentro do mesmo prazo dun mes antes citado. Na devandita notificación deberáselle indicar ao interesado o seu dereito a formular as alegacións que considere pertinentes no prazo de 15 días contados desde o seguinte ao da notificación. Se o interesado presta a súa conformidade á rectificación realizada, a resolución considerarase ditada nos termos do acordo de rectificación e entenderase notificada polo transcurso do prazo dun mes contado desde o día seguinte á data en que prestou a conformidade, salvo que no curso do dito prazo o órgano competente para impoñer a sanción noti-

fique resolución expresa confirmando a proposta. Se transcorrese o prazo de alegacións sen que se producisen ou se o interesado manifesta a súa desconformidade, o órgano competente para impoñer a sanción notificará expresamente a resolución.

7. O órgano competente para ditar o acto resolutorio do procedemento sancionador será o inspector-xefe.

SECCIÓN 3.^a TRAMITACIÓN CONXUNTA DO PROCEDEMENTO SANCIONADOR E DO PROCEDEMENTO DE APLICACIÓN DOS TRIBUTOS

Subsección 1.^a Renuncia á tramitación separada do procedemento sancionador

Artigo 26. *Exercicio do dereito de renuncia á tramitación separada do procedemento sancionador.*

1. Para os efectos do establecido no artigo 208 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, o interesado poderá renunciar á tramitación separada do procedemento sancionador mediante manifestación expresa que se deberá formular durante os dous primeiros meses do procedemento de aplicación dos tributos, salvo que antes do dito prazo se producise a notificación da proposta de resolución; en tal caso, a renuncia poderase formular ata a finalización do trámite de alegacións posterior.

No procedemento de inspección, o interesado poderá renunciar á tramitación separada do procedemento sancionador durante os seis primeiros meses, salvo que antes do dito prazo se producise a finalización do trámite de audiencia previo á subscrición da acta; neste caso, a renuncia poderase formular ata o dito momento.

Para o cómputo dos prazos a que se refiren os parágrafos anteriores non se terán en conta os períodos de interrupción xustificada e as dilacións non imputables á Administración tributaria.

A renuncia regulada neste punto realizarase por escrito.

2. Non obstante o establecido no punto anterior, naqueles procedementos de aplicación dos tributos que se iniciasen directamente mediante a notificación da proposta de resolución, poderase renunciar á tramitación separada do procedemento sancionador exclusivamente durante o prazo de alegacións posterior á dita proposta.

3. Non se poderá exercer o dereito á renuncia á tramitación separada do procedemento sancionador fóra dos prazos previstos nos puntos anteriores. A opción expresa do interesado de renunciar á tramitación separada do procedemento sancionador tampouco se poderá rectificar con posterioridade ao seu exercicio, salvo no suposto previsto no artigo 28.5.

4. Cando o interesado non renunciase á tramitación separada do procedemento sancionador nos termos previstos neste artigo, o procedemento sancionador deberase iniciar dentro do prazo máximo previsto no artigo 209.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e tramitarse de forma separada ao de aplicación dos tributos segundo o establecido na sección 2.^a deste capítulo.

Artigo 27. *Tramitación e resolución do procedemento sancionador en caso de renuncia.*

1. Cando o interesado manifestase que renuncia á tramitación separada do procedemento sancionador, o seu inicio deberase notificar e, a partir dese momento, a súa tramitación desenvolverase de forma conxunta co procedemento de aplicación dos tributos, e será de aplicación para ambos os procedementos a regulación establecida na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e na súa normativa de desenvolvemento para o correspondente procedemento de aplicación dos tributos,

incluída a relativa aos prazos e aos efectos do seu incumprimento.

Para os efectos do disposto no artigo 104.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, considerárase como período de interrupción xustificada no cómputo do prazo do procedemento de aplicación dos tributos o tempo transcorrido desde a data do primeiro intento de notificación do inicio do procedemento sancionador debidamente acreditado ata a data en que a dita notificación se entenda producida.

Unha vez notificado o inicio, as cuestións relativas ao procedemento sancionador analizaranse conxuntamente coas do procedemento de aplicación dos tributos, e a documentación e elementos de proba obtidos durante a tramitación conxunta consideraranse integrantes de ambos os expedientes, debéndose incorporar formalmente a estes, con vistas aos recursos que se puidesen interpor contra a resolución ditada en cada procedemento.

2. Non obstante a súa tramitación conxunta, cada procedemento finalizará cun acto resolutorio distinto.

3. As propostas de resolución do procedemento de aplicación dos tributos e a dos procedementos sancionadores que deriven daquel deberanse notificar simultaneamente. No procedemento de inspección, as propostas de sanción notificadas tramitaranse conforme o disposto nos números 5 e 6 do artigo 25.

Non obstante, nos supostos previstos no primeiro parágrafo do número 1 e no número 2 do artigo anterior, deberanse notificar o inicio e a proposta de resolución do procedemento sancionador con anterioridade ou simultaneamente á notificación da resolución do procedemento de aplicación dos tributos, sen que se deba notificar de novo a proposta de resolución deste.

Subsección 2.^a Normas especiais para a imposición de sancións no suposto de actas con acordo

Artigo 28. *Tramitación conxunta no suposto de actas con acordo.*

1. Para os efectos do establecido no artigo 208 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, cando nos supostos de actas con acordo se aprecie que concorren as circunstancias que constitúen a comisión dunha infracción tributaria, o procedemento sancionador tramitarase conxuntamente, e procederá de acordo co disposto neste artigo.

2. As cuestións relativas ás infraccións analizaranse tendo en conta os elementos e as probas obtidos no correspondente procedemento de inspección de acordo coa súa normativa reguladora, incluída a relativa aos prazos e para os efectos do seu incumprimento.

3. Entenderase iniciado o procedemento sancionador coa acta con acordo que se redacte, na cal tamén se incluírá a proposta de sanción que proceda e se fará constar expresamente a renuncia á tramitación separada do procedemento sancionador, así como a conformidade do interesado coas propostas de regularización e de sanción que se formulen.

4. Nos supostos a que se refire este artigo, entenderase imposta e notificada a sanción nos termos previstos no artigo 155.5 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, sen que sexa preciso ditar acto resolutorio específico de imposición da sanción.

5. Cando antes da formalización dunha acta con acordo se iniciase o procedemento sancionador, a subscrición da acta con acordo suporá a aceptación íntegra da proposta de sanción que nela se conteña, entendéndose que o procedemento sancionador finaliza coa notificación prevista no artigo 155.5 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, con independencia de que anterior-

mente se renunciase ou non á tramitación separada do procedemento sancionador, sen prexuízo dos efectos desa actuación do obrigado tributario con respecto ao procedemento sancionador correspondente á regularización non practicada na acta con acordo.

SECCIÓN 4.^a EXECUCIÓN DAS SANCIÓNS

Artigo 29. *Suspensión da execución das sancións.*

1. A suspensión da execución das sancións, pecuniarias e non pecuniarias, como consecuencia da interposición en tempo e forma dun recurso ou reclamación en vía administrativa será aplicada automaticamente polos órganos competentes, sen necesidade de que o interesado o solicite.

2. Unha vez que a sanción sexa firme en vía administrativa, os órganos de recadación non iniciarán as actuacións do procedemento de constrinximento mentres non conclúa o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo. Se durante ese prazo o interesado lles comunica aos ditos órganos a interposición do recurso con petición de suspensión, esta manterase ata que o órgano xudicial adopte a decisión que corresponda en relación coa suspensión solicitada.

3. Para a efectiva aplicación do disposto neste artigo, os órganos administrativos competentes para a tramitación dos recursos ou reclamacións comunicaranlles no prazo de 10 días aos órganos competentes para a execución de sancións as decisións e incidencias que en cada caso se produzan.

CAPÍTULO IV

Disposicións especiais

SECCIÓN 1.^a IMPOSICIÓN DE SANCIÓNS TRIBUTARIAS NON PECUNIARIAS

Artigo 30. *Sancións tributarias non pecuniarias.*

As sancións non pecuniarias a que se refiren os números 1 e 2 do artigo 186 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, poderán consistir na perda do dereito a aplicar exencións, reducións, deducións, bonificacións ou outros beneficios ou incentivos fiscais de carácter rogado en calquera tributo, coa excepción dos seguintes:

a) Os previstos nos impostos indirectos que se deban repercutir obrigatoriamente aos adquirentes de bens ou servizos.

b) Os derivados dos tratados ou convenios internacionais que formen parte do ordenamento interno.

c) Os concedidos en virtude da aplicación do principio de reciprocidade internacional.

Artigo 31. *Especialidades na tramitación de procedementos sancionadores para a imposición de sancións non pecuniarias.*

1. Cando resulten acreditados feitos ou circunstancias que puidesen determinar a imposición de sancións non pecuniarias por infraccións tributarias graves ou moi graves, procederá á iniciación, se é o caso, do correspondente procedemento sancionador, cuxa tramitación e resolución se rexerá polo disposto neste artigo e, no seu defecto, polo disposto nos artigos anteriores.

Na tramitación do procedemento sancionador para a imposición de sancións non pecuniarias non se poderán discutir os elementos da resolución de imposición da sanción pecuniaria.

2. Para os efectos do previsto no punto anterior, o órgano que impuxese a sanción pecuniaria propondrá a ini-

ciación do procedemento sancionador mediante escrito dirixido ao órgano competente para acordar a súa iniciación, xuntándolle copia da dilixencia ou da acta redactada e dos demais antecedentes.

No caso de que a competencia para impoñer a sanción non pecuniaria lle corresponda ao Consello de Ministros, a competencia para iniciar o procedemento sancionador será do ministro de Economía e Facenda. Nos demais casos, será de aplicación o disposto no artigo 22.

SECCIÓN 2.^a ACTUACIÓNS EN MATERIA DE DELITOS CONTRA A FACENDA PÚBLICA

Artigo 32. *Actuacións en supostos do delito previsto no artigo 305 do Código penal.*

1. No suposto de que a Administración tributaria considere que a conduta do obrigado tributario puidese ser constitutiva do delito tipificado no artigo 305 do Código penal, absterase de seguir o procedemento administrativo, que quedará suspendido, e procederá de conformidade co disposto neste artigo.

Tamén quedará suspendido o procedemento administrativo cando a Administración tributaria teña coñecemento de que se está desenvolvendo un proceso penal sobre os mesmos feitos.

2. Cando a circunstancia prevista no punto anterior se aprecie antes da proposta de liquidación, o órgano, equipo ou unidade remitiralle as actuacións practicadas coas dilixencias en que consten os feitos e circunstancias que, ao seu xuízo, determinan a posible responsabilidade penal e un informe preceptivo sobre a presunta concurrencia nos feitos dos elementos constitutivos do delito ao xefe do órgano administrativo competente, por medio do seu superior xerárquico.

Cando a apreciación teña lugar despois da proposta de liquidación, será o órgano competente para liquidar quen debe proceder a impulsar o procedemento, logo de elaboración do preceptivo informe.

Cando a dita apreciación se produza durante a tramitación do procedemento sancionador, e os actos de liquidación xa fosen ditados, o órgano, equipo ou unidade que instrúa o dito procedemento suspenderá a súa tramitación e trasladaralle as actuacións de comprobación e as do procedemento sancionador, xunto co correspondente informe, ao xefe do órgano administrativo competente, por medio do seu superior xerárquico. Así mesmo, suspenderase a execución da liquidación ata que recaia a correspondente resolución xudicial.

Para os efectos do disposto neste artigo, entenderase por órgano administrativo competente o que, segundo a normativa de organización aplicable, teña atribuídas as funcións de apreciación da existencia de feitos constitutivos de delito contra a Facenda pública. Nos procedementos de inspección, o xefe do órgano administrativo competente será o inspector-xefe correspondente.

3. Á vista da documentación, o xefe do órgano administrativo competente, que poderá solicitar cantos informes considere oportunos, acordará a audiencia ao interesado, a quen se lle comunicará a posta de manifesto do expediente para que poida alegar canto considere conveniente e presentar os documentos, xustificantes e probas que coide oportunos durante un prazo de 15 días, ou a devolución do expediente a quen llo remitise para que o ultime ou complete en vía administrativa, segundo aprecie ou non a existencia de delito.

No primeiro caso, o xefe do órgano administrativo competente remitiralle o expediente ao delegado especial ou ao director de departamento correspondente, segundo cal sexa o ámbito territorial do órgano actuante.

4. Unha vez recibida a documentación, o delegado especial ou o director de departamento competente acor-

dará, segundo aprecie ou non a posible existencia de delito, a remisión do expediente á xurisdición competente ou ao Ministerio Fiscal, ou a súa devolución ao órgano actuante.

5. Concluído o proceso penal ou devolto o expediente polo Ministerio Fiscal, haberá que aterse ao disposto no artigo 180.1 e na disposición adicional décima da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

De non apreciarse a existencia de delito, a Administración tributaria continuará o procedemento de comprobación e iniciará ou continuará o procedemento sancionador de acordo cos feitos que os tribunais considerasen probados.

Artigo 33. *Actuacións en supostos doutros delitos contra a Facenda pública.*

1. Nos supostos en que a Administración tributaria considere que a infracción cometida puidese ser constitutiva do delito previsto no artigo 310 do Código penal, procederase conforme o disposto no artigo anterior, aínda que se poderán ditar os actos de liquidación que procedan, sen que sexa posible iniciar ou continuar o procedemento para a imposición de sancións polos mesmos feitos e sen que estes poidan ser considerados para a cualificación das infraccións cometidas.

Nos supostos previstos neste punto, de non apreciarse a existencia de delito, a Administración tributaria iniciará ou continuará o procedemento sancionador de acordo cos feitos que os tribunais considerasen probados.

2. Nos supostos en que a Administración tributaria considere que nos feitos descubertos puidesen existir indicios de se ter cometido algún dos delitos previstos nos artigos 306 a 309 do Código penal, fará constar en dilixencia os feitos e as circunstancias concorrentes e informará diso o órgano administrativo competente para efectuar a correspondente comprobación. Non obstante, cando se trate de subvencións cuxa comprobación lle corresponda á Axencia Estatal de Administración Tributaria, procederase conforme o disposto no artigo anterior.

Disposición adicional primeira. *Órganos equivalentes das comunidades autónomas, das cidades de Ceuta e Melilla ou das entidades locais.*

Os órganos competentes das comunidades autónomas, das cidades de Ceuta e Melilla e das entidades locais en materia do procedemento sancionador regulado nos capítulos III e IV deste regulamento determinaranse conforme o que estableza a súa normativa específica.

Disposición adicional segunda. *Expedientes sancionadores relativos ao imposto sobre o patrimonio.*

En relación co imposto sobre o patrimonio, a competencia para iniciar, tramitar e resolver os expedientes sancionadores corresponderalles aos órganos competentes da respectiva comunidade autónoma nos termos que resulten da lexislación reguladora da cesión de tributos do Estado ás comunidades autónomas.

Disposición adicional terceira. *Aplicación das infraccións previstas nos artigos 170.dous.4.º da Lei 37/1992, do 28 de decembro, e no artigo 63.5 da Lei 20/1991, do 7 de xuño.*

Cando se cometese a infracción prevista no artigo 170.dous.4.º da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, ou a prevista no artigo 63.5 da Lei 20/1991, do 7 de xuño, de modificación dos aspectos fiscais do réxime económico fiscal de Canarias,

non se imporá sanción polas infraccións previstas nos artigos 191, 193, 194 ou 195 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, que se orixinasen pola non-consignación de cantidades na autoliquidación, e deberanse impor as sancións correspondentes ás infraccións previstas nas ditas normas.

Disposición transitoria única. *Aplicación transitoria da renuncia á tramitación separada do procedemento sancionador.*

Nos procedementos de aplicación dos tributos, salvo os de inspección, iniciados a partir do 1 de xullo de 2004 en que non se notificase a proposta de liquidación no momento da entrada en vigor deste regulamento e non resulten de aplicación os prazos previstos no artigo 26.1, poderase renunciar á tramitación separada do procedemento sancionador no prazo dos 15 días seguintes ao da citada entrada en vigor.

Nos procedementos de inspección iniciados a partir do 1 de xullo de 2004 en que non finalizase o trámite de audiencia previo á subscrición da acta no momento da entrada en vigor deste regulamento e non resulten de aplicación os prazos previstos no artigo 26.1 deste regulamento, poderase renunciar á tramitación separada do procedemento sancionador no prazo dos 15 días seguintes ao da citada entrada en vigor.

O prazo establecido nos parágrafos anteriores terá a consideración de interrupción xustificada.

Disposición derradeira única. *Habilitación normativa.*

No ámbito de competencias do Estado, autorízase o ministro de Economía e Facenda para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e a execución do disposto nos capítulos III e IV deste regulamento.

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

18480 REAL DECRETO 2064/2004, do 15 de outubro, polo que se regula a primeira venda dos produtos pesqueiros. («BOE» 261, do 29-10-2004.)

O Real decreto 1998/1995, do 7 de decembro, polo que se ditan as normas para o control da primeira venda dos produtos pesqueiros, establece a normativa básica nesa materia, de conformidade co establecido no Regulamento (CEE) n.º 2847/93 do Consello, do 12 de outubro de 1993, polo que se establece un réxime de control aplicable á política pesqueira común. As posteriores modificacións do citado regulamento viñeron reforzar o réxime de control aplicable en todos os ámbitos da política pesqueira.

En concreto, o Regulamento (CE) n.º 846/98 do Consello, do 17 de decembro de 1998, que modifica o Regulamento (CEE) n.º 2847/93 polo que se establece un réxime de control aplicable á política pesqueira común, introduciu novas medidas de control respecto das operacións de primeira venda e transporte dos produtos pesqueiros e a correspondente documentación acreditativa daquelas.

O Regulamento (CE) n.º 2371/2002 do Consello, do 20 de decembro de 2002, sobre a conservación e a explotación sustentable dos recursos pesqueiros en virtude da política pesqueira común, establece tamén no seu artigo 22.2 disposicións aplicables á regulación e control da primeira venda dos produtos pesqueiros.

A Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, establece nos seus títulos II e III a normativa básica de ordenación do sector pesqueiro e de comercialización e transformación dos produtos pesqueiros, facultando o Goberno para o seu desenvolvemento regulamentario.

Así pois, e sen prexuízo da aplicabilidade directa dos regulamentos comunitarios, mediante este real decreto procédese a adaptar o noso ordenamento interno, nesta materia, á citada normativa comunitaria.

De conformidade co previsto na Directiva 98/34/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño de 1999, e no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, polo que se regula a remisión de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información, esta disposición foi remitida á Comisión Europea e aos demais Estados membros.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e o sector pesqueiro afectado.

A disposición derradeira segunda da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, autoriza o Goberno para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o seu desenvolvemento e aplicación.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 15 de outubro de 2004,

DISPONGO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto ten por obxecto regular a primeira venda dos produtos pesqueiros con ocasión do seu desembarque ou descarga en territorio nacional, incluíndo as importacións.

2. Será de aplicación aos produtos da pesca, o marisqueo e a acuicultura, vivos, frescos, refrixerados, conxelados e ultraconxelados, sen transformar ou transformados a bordo ou en instalacións de acuicultura, envasados ou non.

Artigo 2. *Lugares de desembarque e descarga.*

1. Os produtos pesqueiros vivos, frescos ou refrixerados, conxelados e ultraconxelados, transformados ou sen transformar só poderán ser desembarcados nos portos delimitados polos órganos competentes das comunidades autónomas, e nos peiraos ou lugares designados polas autoridades portuarias.

2. No suposto de que non sexan desembarcados en porto, a súa descarga poderá realizarse naqueles lugares que determinen as comunidades autónomas.

3. Cando se trate dunha importación de produtos pesqueiros, os portos e lugares de desembarque ou descarga autorizados serán aqueles designados polo Goberno.

Artigo 3. *Primeira venda.*

1. A primeira venda dos produtos pesqueiros poderase levar a cabo nos lugares que a continuación se indican, e neles non se poderán realizar segundas poxas, unha vez que na primeira recaese adjudicación:

A) Produtos pesqueiros vivos, frescos e refrixerados:

a) Produtos da pesca. A primeira venda dos produtos da pesca realizarase nas lonxas dos portos, a través dos titulares da concesión daquelas.